

ALECRÍN, GRUPO DE ESTUDIOS SOBRE A CONDICIÓ DA MULLER

Medios de comunicación e prostitución

Salvo loables excepcións, o tratamento da prostitución por parte dos mass medias do noso país, en xeral, resulta ser dun sesgo aplastante. O fenómeno normalmente é exposto en términos equívocos e confusos que nos queren remitir constantemente a moi extendida idea de que é algo inevitable e que calqueira medida tendente a súa erradicación é inútil, e incluso, contraproducente. Detrás desta argumentación que non require explicación porque o que interesa precisamente é que non exista ningún tipo de análise sobre as razóns da súa existencia, os significados, mitos, prexuízos e contidos da prostitución, hai intereses moi intencionados que moitas veces responden o estrictamente económico pero que non son os únicos. Deste xeito, a información, paradóxicamente, desinforma e recreáase en postulados tan falsos como pouco reflexivos. A saber:

- 1ª confusión: se a nova na prensa escrita vai no apartado de “sucesos” seguramente responda a unha redada policial nos locais dos proxenetas que impunemente exercen a explotación sexual das maioritariamente mulleres inmigrantes irregulares que son detidas pola súa situación non regularizada no estado e que nada tén que ver co exercicio da prostitución. O resultado é que se criminaliza as vítimas e se invisibiliza o verdadeiro promotor desta situación, os proxenetas. Ó mesmo tempo, a opinión pública xenera a idea de que a prostitución está ilegalizada e que por iso as mulleres se vén perxudicadas. En realidade ningunha autoridade pode adoitar medidas administrativas ou penais contra as mulleres en estado de prostitución, dado que non é ilegal. Que as mulleres que exercen esta práctica sexan inmigrantes irregulares e polo tanto se lle aplique as medidas administrativas oportunas ó igual que o resto dos inmigrantes sen papeis, normalmente, non suscita ningunha reflexión previa ou posterior sobre a nova en sí ou sobre o propio fenómeno prostitutivo.
- + confusión: a figura do proxeneta (estos sí están penados, mediante ou non consentimento da muller, hai beneficio económico

da prostitución allea e polo tanto, delito) teñen cobertura en moitos medios de comunicación mostrándose de dúas clases: aquel que pode ser bo (tipo empresario con miras) que rexenta un “local de espectáculos” inofensivo o que se lle “colan” mulleres sen papeis as que axuda a “buscarse a vida” (exemplo: ANELA) podendo responder os locais intervidos anteriormente; e aquel que pode ser malo (mafioso que engaña as mulleres para obrígalas a prostituírse, secuestrándoas, vendéndoas, etc, moi perigoso, e que é menos habitual).

- Claro está que nadie se preocupa de constatar cómo se organiza a industria do sexo do noso país polo que nadie se da conta que ámbolos dous modelos son dúas caras da mesma moeda, só os diferencia o nivel de sofisticación cos que poidan camuflar “o seu negocio” e, por suposto, que só “pillan” os máis torpes.
- Todos os donos de clubs e pisos, é indiferente cómo se mostren, todos son delincuentes que explotan sexualmente ás mulleres e vulneran os dereitos dos máis débiles para o seu lucro personal. Todos teñen as súas redes de contactos do cal nutrírense para abastecer o local de “carne” para a súa clientela (o prostituidor, mal chamado cliente), moitas veces, directamente cos países de orixe no que organizan ou lles organizan viaxes “pactados” con outros mediadores que buscan ou atopan (dá igual) mulleres pobres, normalmente con cargas familiares as que “venderlle” calqueira historia bonita, buena e supostamente, barata. O control da práctica prostitutiva a través de coaccións e vexacións son mostrados como situacións anormais e puntuais (cando máis ben é que estas situacións puntualmente chegan a ser denunciadas e polo tanto, a aparecer nos medios).
- + + confusión: a través dos medios audiovisuais, sobre todo, “parece” existir unha operación de marketing que intenta “vender” á opinión pública unha “muller forte, que elixe prostituírse para empoderarse nun medio machista... sí, pero no que toma partido xogando un papel activo, responsable e autónomo: sendo puta” e ésta o cre dado que, unha vez máis, non pode constatalo ou simplemente non lle interesa ou resulta máis cómodo para toda/os pensar: “deixáas, se elas queren”. Deste xeito, a prostitución débúxase como algo totalmente inocuo, sen riscos nin consecuencias e claro... a realidade é que calqueira persona que tivera algún contacto mínimamente significativo máis alá que a propia solicitude dos “servicios sexuais” cunha muller prostituída sabe que este produto mediático é tan irreal como inexistente, fantasioso e malévolo, ideo-

lógicamente argumentativo no mundo do “país das marabillas” pero sen ter en conta nada máis... e menos, tendo en conta as personas. Non se dubida, ademais, de utilizar as propias mulleres en prostitución como “supostas” abanderadas da súa causa dado que tamén goza dun gran efectismo mediático: craso error. Unha vez máis, todo o mundo gústalle confundir dúas cousas fartamente diferenciadoras: a dignificación da muller prostituída (loita loable) coa dignificación da prostitución (pese a quen pese, a máxima manifestación da violencia de xénero e o último reducto social do poder patriarcal). E como tamén a propia muller, na prostitución, pode interiorizar esta subordinación como “tolerable” (tendo en conta a total falta de alternativas e recursos) pois se aproveita. ¿Para qué ter en conta que é moi habitual por parte das vítimas de violencia xenerar estratexias de “resistencia” que amortigüe o abuso do poder e as vexacións as que son sometidas? ¿Non se pode un/unha lembrar das grandes similitudes existentes coas vítimas do maltrato doméstico?, ¿Acaso estas vítimas “parecen ser” menos vítimas?, ¿Resulta moi complicado entender que por parte dalgunhas mulleres en prostitución aceptar a práctica prostitutiva lévalle a aceptarse máis a sí mesmas? intentando, equivocadamente (xa que non se trata) minimizar o dano que xenera nelas. Porque sí, a prostitución xenera tal dano físico e psicolóxico, en calqueira das condicións nas que se exerza, que “marcan” a existencia das mulleres. Desgraciadamente, todas/os que traballen dunha maneira cercana con este colectivo, o sabe. E iso esquecendo outro aspecto claramente diferenciador e no que todo o mundo debería reflexionar: “unha cousa é a prostitución e outra as condicións de explotación nas que ésta pode ser exercida. O que equivale a postular que a prostitución, en esencia, non ten nada que ver coa situación real da maioría das prostitutas” . A prostitución é per se violencia, e non porque as leis non protexan as mulleres e sufran agresións sexuais, violacións e humillacións (que tamén), non porque as condicións de exercicio sexan dunha verdadeira explotación-escravitude sexual (que tamén) senon porque o uso das mulleres polos homes na prostitución e os actos nela realizados son a posta en práctica, no plano sexual, dunha cultura e dun sistema de subordinación das mulleres. Reflexa, por tanto, unha desigualdade social existente entre os individuos de xénero masculino e feminino que a prostitución reforza e mantén. Por iso, a súa abolición non só é cuestión ética senon tamén de igualdade entre homes e mulleres.

Preguntémonos entón cómo é posible que todos os periódicos se lucren coa prostitución a través dos “anuncios clasificados”, que a pouca ou nula sensibilidade xudicial non actúe contra os proxenetas, que os medios audiovisuais estén “bombardeando” a “cultura da prostitución” transferindo a responsabilidade da súa existencia, dos homes (a demanda, en definitiva, e os únicos que exercen un papel verdadeiramente activo) ás mulleres e aínda se poida dicir... con simulado dramatismo... que non se pode facer nada. Dende Alecrín, non no-lo creemos.

•

Alecrín, Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller é un colectivo de mulleres coa súa sede en Vigo (Pontevedra). E-mail: biblioteca@alecrin.org.